



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DESTE CONCELLO O DÍA VINTENOVE DE XULLO DE DOUS MIL DEZ.

NÚM. 08/2010

<p><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p><b>ALCALDE-PRESIDENTE</b> D. José María García Rivera.</p> <p><b>CONCELLEIROS</b> D<sup>a</sup>. Rosa Alonso Rodríguez D<sup>a</sup> Ana A. Incera Ares D. Pedro M. Fernández Marful D. Ramón Sixto Legaspi</p> <p><b><u>INTERVENTOR</u></b> D. Luis Ramón Vázquez Parga</p> <p><b>SECRETARIA</b> D. M<sup>a</sup> Carmen Seoane Bouzas.</p>	<p>Na Alcaldía da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:00 horas do día vintenove de xullo de 2010, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos da Xunta de Goberno Local, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

### 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 24-06-10.-

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes da Xunta de Goberno Local se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o día 24 de xuño de 2010.

Non producíndose mais observacións, queda aprobada por unanimidade a acta da devandita sesión, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

### 2.-COMUNICACIÓN DAS AVOCACIÓNS REALIZADAS.-

Pola Presidencia dáse conta das avocacións realizadas das competencias delegadas en Xunta de Goberno Local por Resolución de Alcaldía de data 18 de xuño de 2007:

-Decreto de Avocación de competencias de data 30 de xuño de 2010 para resolución da autorización do inicio da obra de D. Pablo Longarela Prieto e D<sup>a</sup>. María Justa León Fernández.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### 3.-MODIFICADO LICENZA DE OBRA E AUTORIZACIÓN PARA O INICIO DAS OBRAS EN AS AGRAS, VILARONTE, D. JACOBO OTERO FERNÁNDEZ.-

Dada conta do expediente de licenza de obras tramitado a instancia de D. JACOBO OTERO FERNÁNDEZ., con enderezo en Lgar. Vigo nº 20-Villaronte-Foz, para *modificado de proxecto básico de vivenda unifamiliar en As Agras-Villaronte-Foz*, e da solicitude do inicio das obras, segundo modificado de proxecto básico e proxecto de execución de vivenda unifamiliar de planta soto, planta baixa e primeira, realizado polo arquitecto D. Ramiro Cociña Orol, visado polo correspondente Colexio Oficial con data 7 de maio de 2010.

Visto o informe do Arquitecto Municipal de data 01 de xullo de 2010, obrante no expediente.

Visto o informe de Secretaria de data 28 de xullo de 2010, obrante no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, sen perxuício de terceiros e mellor dereito e a salvo o dereito de propiedade, e coas condicións que figuran no expediente, por unanimidade, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Aprobar o modificado *modificado de proxecto básico de vivenda unifamiliar a D. JACOBO OTERO FERNÁNDEZ., en As Agras-Villaronte-Foz,* segundo proxecto redactado polo Arquitecto D. Ramiro Cociña Orol, de acordo co establecido no informe do arquitecto municipal de data 01 de xullo de 2010 e autorizar o inicio das obras.

Prazo de execución: Inicio: 1 mes e Remate: 3 anos, a partires da recepción deste acordo.

**Promotor: D. Jacobo Otero Fernández.**

**Técnico director da obra: D. Ramiro Cociña Orol-Arquitecto.**

**Segundo.-** Notificar o presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

**Terceiro.-** Comunicar o presente acordo ao Departamento Municipal de Urbanismo para o seu control e seguimento.

### 4.-AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA PREVIA PARA REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN MANSIN-VILAXOANE, D. DAVID VAL PENA.-

Por Secretaría dáse conta do expediente de licenza para *rehabilitación de vivenda unifamiliar sita en Mansin-Vilaxoane-Foz*, solicitada por D. Davil Val Pena, con enderezo en Avda. de Viveiro nº 2-1º F de Foz, en SOLO RÚSTICO, conforme ás normas subsidiarias de planeamento municipal de Foz, que foron aprobadas definitivamente pola Comisión Superior de Urbanismo de Lugo en data 11 de novembro de 1981.

Visto o expediente tramitado ao efecto e o informe do Arquitecto Municipal de data 21 de xuño de 2010, que establece que a actuación solicitada permítese previa a autorización favorable da Comunidade Autónoma.

Vista a certificación de Secretaría Municipal na que se acredita que non houbo reclamacións durante o prazo de exposición ó público.

A Xunta de Goberno Local **acorda por unanimidade informar favorablemente dito expediente e remitilo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras para seu informe.**



# CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

## 5.- APROBACIÓN FACTURAS CORRESPONDENTES A GASTOS DE MÁIS DE 6.000 EUROS.-

Pola Presidencia dáse conta das facturas correspondentes a gastos de máis de 6.000 euros que obran no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución dictada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das bases do Réxime Local, por unanimidade, A C O R D A:

Aprobar as seguintes facturas que se relacionan:

**Código Relación: 28 Descripción: FACTURAS A APROBAR XGL 29/07/2010**

Reg	Fec. Reg.	Nº Factura	Fec. Fac.	Dni/Cif	Razón Social	Área	Importe	I.V.A	Dctos.	VB
13 3	12/02/2 010	2010/1 60	31/01/2 010	B80183 916	COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.		4 3	13.005 ,56	0,0 0	0,0 0
<p><b>Concepto:</b> COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES, S.L. OBRA Nº 442 MANTENIMIENTO Y CONSERVACION DE ALUMBRADO PUBLICO</p> <p><b>Operación:</b> ADO</p> <p><b>Imp. Líquido:</b> 13.005,56</p> <p><b>Domiciliación bancaria:</b> BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA 0182 5508 23 0109502245</p> <p><b>Partidas Presupuetarias</b></p> <p>432 213 REP. MAQUINARIA, INSTALACIONES Y UTILLAJE 13.005,56</p>										
11 85	20/05/2 010	A0059/ 10	30/04/2 010	B27250 182	CONSTRUCCI ONES ISIDRO OTERO, S.L.		5 1	49.640 ,00	0,0 0	0,0 0
<p><b>Concepto:</b> CONSTRUCC.ISIDRO OTERO, S.L., CERT. UNICA PAVIMENTACION E SERVICIOS DA RUA DOS ASTELEIROS</p> <p><b>Operación:</b> ADO</p> <p><b>Imp. Líquido:</b> 49.640,00</p> <p><b>Domiciliación bancaria:</b> BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA 0182 4340 66 0101503157</p> <p><b>Partidas Presupuetarias</b></p> <p>511 60110 INVERSIÓN ESTRADAS E CAMIÑOS EN PARROQUIAS DO CONC 49.640,00</p>										
12 86	01/06/2 010	22/10	19/05/2 010	765486 62Q	JOSE MANIN PALMEIRO		5 1	17.400 ,00	0,0 0	0,0 0
<p><b>Concepto:</b> JOSE MANIN PALMEIRO, MATERIAL DE ESCOLLERA Y COLOCACION DE LA MISMA, EN CANGAS</p> <p><b>Operación:</b> ADO</p> <p><b>Imp. Líquido:</b> 17.400,00</p> <p><b>Domiciliación bancaria:</b> BANCO SANTANDER CENTRAL HISPANO 0049 1229 58 2910045728</p> <p><b>Partidas Presupuetarias</b></p> <p>511 61103 INVERSIÓN ESCOLLERA COMARCAL 642 ATA ALEMPARTE 17.400,00</p>										
13 48	18/06/2 010	2010/1 336	31/05/2 010	A15379 803	SOGAMA,S.A.		4 4	17.854 ,18	0,0 0	0,0 0



# CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

<b>Concepto:</b> SOGAMA, MAYO 2010. TRATAMIENTO DE 323,94 TM RESIDU OS SOLIDOS URBANOS					<b>Operación :</b> ADO	<b>Imp. Líquido:</b> 17.854,18		
<b>Domiciliación bancaria :</b> CAIXA GALICIA 2091 0388 96 3040000495								
<b>Partidas Presupuetarias</b>								
					TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS. BASURERO		17.854,18	
13	18/06/2	2010/6	31/05/2	A78139	GESTION Y TECNICAS	4	33.756	0,0
66	010	7	010	755	DEL AGUA -	4	,17	0
GESTAGUA-								
<b>Concepto:</b> GESTAGUA, MAYO 2010. PRESTACION SERVICIO DE DEPURACION					<b>Operación :</b> ADO	<b>Imp. Líquido:</b> 33.756,17		
<b>Domiciliación bancaria :</b> BANESTO 0030 1542 51 0000558271								
<b>Partidas Presupuetarias</b>								
					XESTION DO SERVICIO DEPURACION AUGAS. GESTAGUA		33.756,17	
13	18/06/2	2010/1	31/05/2	B80183	COMFICA SOLUCIONES	4	13.848	0,0
71	010	296	010	916	INTEGRALES, S.L.	3	,61	0
<b>Concepto:</b> COMFICA, MANTENIMIENTO Y CONSERVACION ALUMBRADO PUBLICO					<b>Operación :</b> ADO	<b>Imp. Líquido:</b> 13.848,61		
<b>Domiciliación bancaria :</b> BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA 0182 5508 23 0109502245								
<b>Partidas Presupuetarias</b>								
					REP. MAQUINARIA, INSTALACIONES Y UTILLAJE		13.848,61	
13	18/06/2	2010/1	31/05/2	B80183	COMFICA SOLUCIONES	4	11.740	0,0
72	010	295	010	916	INTEGRALES, S.L.	3	,80	0
<b>Concepto:</b> COMFICA, MANTENIMIENTO Y CONSERVACION ALUMBRADO PUBLICO					<b>Operación :</b> ADO	<b>Imp. Líquido:</b> 11.740,80		
<b>Domiciliación bancaria :</b> BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA 0182 5508 23 0109502245								
<b>Partidas Presupuetarias</b>								
					REP. MAQUINARIA, INSTALACIONES Y UTILLAJE		11.740,80	
13	18/06/2	2010/1	31/05/2	B80183	COMFICA SOLUCIONES	4	10.774	0,0
76	010	299	010	916	INTEGRALES, S.L.	3	,92	0
<b>Concepto:</b> COMFICA, MANTENIMIENTO Y CONSRVACION ALUMBRADO PUBLICO. MAYO					<b>Operación :</b> ADO	<b>Imp. Líquido:</b> 10.774,92		
<b>Domiciliación bancaria :</b> BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA 0182 5508 23 0109502245								



# CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

<u>Partidas Presupuetarias</u>									
				432	213	REP. MAQUINARIA, INSTALACIONES Y UTILLAJE		10.774, 92	
14	06/07/2	01/050	10/06/2	A15149		ABN PIPE	4	7.741,	0,0 0,0
30	010	864	010	271		ABASTECIMIE NTOS, S.A.	4	18	0 0
<b>Concepto:</b> ABN PIPE ABASTECIMIENTOS, TUBO PO CORRUGA SN-8 TEJ A VARIOS CALIBRES Y TAPAS GEO PKSR D-400							<b>Operaci ón :</b> ADO	<b>Imp. Líquido:</b> 7.741,18	
<b>Domiciliación bancaria :</b> CAIXA GALICIA 2091 0072 31 3040005973									
<u>Partidas Presupuetarias</u>									
				442	22608	GASTOS DIVERSOS		7.741,1 8	
14	08/07/2	0-	30/06/2	A78139		GESTION Y TECNICAS	4	33.756	0,0 0,0
96	010	210/80	010	755		DEL AGUA - GESTAGUA-	4	,17	0 0
<b>Concepto:</b> GESTAGUA, JUNIO 2010. PRESTACION SERVICIO DE DEPURACION							<b>Operaci ón :</b> ADO	<b>Imp. Líquido:</b> 33.756,17	
<b>Domiciliación bancaria :</b> BANESTO 0030 1542 51 0000558271									
<u>Partidas Presupuetarias</u>									
				441	22718	XESTION DO SERVICIO DEPURACION AUGAS. GESTAGUA		33.756, 17	
16	15/07/2	C/7/10	15/07/2	B27248		OBRAS CIVIS	5	46.825	0,0 0,0
15	010		010	525		DA MARIÑA, S.L.	1	,94	0 0
<b>Concepto:</b> OBRAS CIVIS DA MARIÑA, DANOS TEMPORAIS, LIMPEZA DE TALUDES, CAMIÑOS, RETIRADA A VERTEDOIROIS E REPOS.							<b>Operaci ón :</b> ADO	<b>Imp. Líquido:</b> 46.825,94	
<b>Domiciliación bancaria :</b> CAIXANOVA 2080 0179 27 0040006978									
<u>Partidas Presupuetarias</u>									
				511	210	REP. INFRAESTRUCTURA Y BIENES NATURALES		46.825, 94	
<b>Total</b>	<b>Relación...</b>	<b>Imp. Presupuesto:</b>	<b>I.V.A:</b>	<b>Dctos:</b>	<b>Imp. Líquido:</b>				
		256.343,53	0,00	0,00	256.343,53				

## 6.-APROBACIÓN DE CONTAS XUSTIFICATIVAS DE PAGOS A XUSTIFICAR CONCEDIDOS A ALCALDÍA.-

### 6.1.-Pagamento a xustificar con motivo de facer fronte ao aboamento de gastos dunha conferencia do periodista Diego Carcedo.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución dictada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das bases do Réxime Local, por unanimidade, A C O R D A:

**Primeiro.** – Aprobar a conta xustificativa da Orde de pagamento a xustificar por un importe de



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

808,84 euros presentada por Don José María García Rivera, Alcalde- Presidente do Concello de Foz, con destino a facer fronte ao aboamento de gastos dunha conferencia do periodista Diego Carcedo, consistente nas facturas que se recollen no expediente:

1. Factura con número 21 de data 01/05/2010 emitida por ÁNGEL CAMILO VIVEIRO CUBA con CIF 76.555.303 X por un importe de 110,00 euros.
2. Factura con número 32/2010 de data 30/04/2010 emitida por CDC PRENSA RADIO Y TELEVISION SL con CIF B33514225 por un importe de 696,00 euros.
3. Gastos de imposición da transferencia recollida no punto anterior por importe de 2,84 euros cargados pola entidade CAIXA GALICIA.

**Segundo.** – Dar por cumprida a obriga marcada para os perceptores destas ordes de pagamento de xustificar a aplicación das cantidades percibidas no prazo máximo de tres meses dende a percepción dos correspondentes fondos.

**Terceiro.**- Déase conta a Intervención e a Tesourería.

### 6.2.-Pagamento a xustificar para gastos derivados da organización da FEIRA DA ESPÍNEIRA 2010.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución dictada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das bases do Réxime Local, por unanimidade, A C O R D A:

**Primeiro.** – Aprobar a conta xustificativa da Orde de pagamento a xustificar por un importe de 1.932,00 euros presentada por Don José María García Rivera, Alcalde- Presidente do Concello de Foz, con destino ao aboamento de gastos derivados da organización da FEIRA DA ESPÍNEIRA 2010, que consiste en

1. Trece “recibín” a nome de diversos participantes en concepto de premios na feira de gando que se conteñen no expediente cun total que ascende a 810,00 euros.
2. Factura número 1000006 de MANUEL SÁNCHEZ GÓMEZ, con CIF 33.861.942 P con número 1000002 por importe de 522,00 euros, correspondente ao aluguer e transporte de cabalos o día 20/06/2009
3. Un recibín a nome de JOSÉ EDUARDO CANOURA REY con DNI 76.536.671 P, por importe de 600,00 euros en concepto de “ACTUACIÓN COMPLETA NA FEIRA DA ESPÍNEIRA 2010”.

**Segundo.** – Dar por cumprida a obriga marcada para os perceptores destas ordes de pagamento de xustificar a aplicación das cantidades percibidas no prazo máximo de tres meses dende a percepción dos correspondentes fondos.

**Terceiro.**- Notifíquese a Intervención e a Tesourería.

### 6.3.-Pagamento a xustificar para gastos derivados da viaxe a Villaviciosa cos veciños da terceira idade en xuño de 2010.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución dictada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das bases do Réxime Local, por unanimidade, A C O R D A:

**Primeiro.** – Aprobar a conta xustificativa da Orde de pagamento a xustificar por un importe de 1.877,85 euros presentada por Don José María García Rivera, Alcalde- Presidente do Concello de



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Foz, con destino ao aboamento de gastos derivados da viaxe a Villaviciosa cos veciños da terceira idade en xuño deste ano, que consiste nunha factura nº 29/2010 emitida por GASTROAMANDI SL con CIF B74185604 por un importe de 1.877,85 euros relativa aos gastos parciais dunha comida para 236 persoas, que se contén no expediente

**Segundo.** – Dar por cumprida a obriga marcada para os perceptores destas ordes de pagamento de xustificar a aplicación das cantidades percibidas no prazo máximo de tres meses dende a percepción dos correspondentes fondos.

**Terceiro.-** Notifíquese a Intervención e a Tesourería

*A continuación introdúcese por urxencia os seguintes puntos da orde do día, xustificándose a urxencia en que o expediente informouse e púxose a disposición da Secretaría o día 28 de xullo, unha vez convocada a Xunta de Goberno Local, e para non demorar mais tempo o mesmo e seguir coa tramitación ante a Xunta, débense introducir na orde do día. A urxencia é ratificada por unanimidade en ambos puntos:*

### 7.-LICENZAS DE ACTIVIDADE CLASIFICADA.-

#### 7.1.-Remisión do expediente á Xunta de Galicia para concesión de licenzas de actividade de SUPERMERCADO a ALIMERKA, S.A en Rúa de Sarria esquina Uxío Novoneira.

Visto o expediente n.º 2009/617, iniciado mediante solicitude de D. JUAN CARLOS RÍOS FERNÁNDEZ, actuando en representación de ALIMERKA, S.A., con enderezo en C/Finlandia nº 2- Polígono Espiritu Santo-33010-Oviedo (Asturias), para a obtención de licenza da actividade de SUPERMERCADO, sito en Rúa de Sarria esquina Uxío Novoneira desta localidade.

Visto que en data 16 de febreiro de 2009 emitiuse informe favorable polo Técnico municipal, sobre a compatibilidade da actividade coas Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Foz.

Practicados con data 16 de febreiro de 2009 o trámite de información pública por prazo de vinte días e, con data 16 de febreiro de 2009, a notificación persoal aos afectados.

Visto o certificado de Secretaría xustificativo sobre a non presentación de alegacións de data 22 de abril de 2009.

Visto o informe técnico municipal de data 28 de xullo de 2010.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución dictada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das bases do Réxime Local, por unanimidade, A C O R D A:

**Primeiro.** – Informar favorablemente e remitir á Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 9 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, o expediente tramitado a instancia de **D. JUAN CARLOS RÍOS FERNÁNDEZ, actuando en representación de ALIMERKA, S.A.**, en relación con a licenza da actividade de **SUPERMERCADO**, clasificada como M O L E S T A polo técnico municipal no informe de data 28 de xullo de 2010.

**Segundo.-** Suspender o procedemento durante o tempo que medie desde a remisión do expediente á Consellería competente en materia de medio ambiente para a emisión do preceptivo ditame de incidencia ambiental, ata a súa remisión ao Concello polo órgano ambiental competente.

**7.2.- Remisión do expediente á Xunta de Galicia para concesión de licenzas de actividade de gardería de vehículos vinculado a supermercado a ALIMERKA, S.A en Rúa de Sarria esquina Uxío Novoneira.**



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Visto o expediente n.º 2009/618, iniciado mediante solicitude de D. JUAN CARLOS RÍOS FERNÁNDEZ, actuando en representación de ALIMERKA, S.A., con enderezo en C/Finlandia nº 2- Polígono Espiritu Santo-33010-Oviedo (Asturias), para a obtención de licenza de *[instalación]* da actividade de GARDERÍA DE VEHÍCULOS VINCULADOS A SUPERMERCADO, sito en Rúa de Sarria esquina Uxío Novoneira desta localidade.

Visto que en data 16 de febreiro de 2009 emitiuse informe favorable polo Técnico municipal, sobre a compatibilidade da actividade coas Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Foz.

Practicados con data 16 de febreiro de 2009 o trámite de información pública por prazo de vinte días e, con data 16 de febreiro de 2009, a notificación persoal aos afectados.

Visto o certificado de Secretaría xustificativo sobre a non presentación de alegacións de data 22 de abril de 2009.

Visto o informe técnico municipal de data 28 de xullo de 2010.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución dictada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das bases do Réxime Local, por unanimidade, A C O R D A:

**Primeiro.-** Informar favorablemente e remitir á Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 9 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, o expediente tramitado a instancia de **D. JUAN CARLOS RÍOS FERNÁNDEZ, actuando en representación de ALIMERKA, S.A.**, en relación con licenza da actividade de **GARDERÍA DE VEHICULOS VINCULADO A SUPERMERCADO**, clasificada como M O L E S T A polo técnico municipal no informe de data 28 de xullo de 2010.

**Segundo.-** Suspender o procedemento durante o tempo que medie desde a remisión do expediente á Consellería competente en materia de medio ambiente para a emisión do preceptivo ditame de incidencia ambiental, ata a súa remisión ao Concello polo órgano ambiental competente.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 20 horas e 25 minutos do día 29 de xullo de 2010, do que como secretaria dou fe e certifico.-

Vº Bº  
O Alcalde,

José María García Rivera.